areia
asociación cultural

XVIII festival de cans

1 ao 4 de setembro de **2021** festivaldecans.gal

Estrella Galicia

DOSSIER DE PRENSA

• PATROCINADORES

Patrocinan

Concello do Porriño
Estrella Galicia
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
Paisge FUNDACIÓN
galicia calidade
GADIS

con la financiación del GOBIERNO DE ESPAÑA
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
icaa

Apoian

Rede de Dinamización Lingüística
LASAL cocinas
daveiga produción responsable
CAFÉ Dromedario DESDE 1871
Nikis Galicia-Style
galpi
edp
IMPRENTA PAZ
QUADRALIA ecommerce · web
evenit INSPECCIÓN TÉCNICA DE EVENTOS
Deleite
NORDESÍA
RC reservice
Couceiro

Apadriñan

GUMERJO SERVICIO OFICIAL
Quobis. leading your ITinerary
Grupo Godoy Maceira un mundo en pedra
Berma CERRAJERIA Y SEGURIDAD
BLACKBIRD BARBER CONCEPT
descanso Nattex

Colaboradoran

CANDAN ARTESANÍA GALEGA EN PEDRA
DIMILANO diseño & construcción
agag
crea ASOCIACIÓN DE DIRECTORES E REALIZADORES DE GALICIA
TALLERES VAQUERO
ORESTES COMUNICA
CIRCULO O PORRIÑO
PROTECCIÓN CIVIL CONCELLO DO PORRIÑO
REALE SEGUROS AGENCIA PORRIÑO
aceroplus
ideArtestudio
fireoff
Autocares IGLESIAS
IMAXSON
La Palomitera audiovisual
tia tata
O Rincón de Olga
sanior
Bar Fortes Cans
Asociación de Veciños CASTELO - CANS
argibay PANADERÍA PASTELERÍA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
vinte
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
vimeo
CARPAS Pontevedra
Nigrán
Trazos PAPELERÍAS
PAROLAS Eventos
galicia Sustentable

Festival membro de

proxecta coordinadora galega de festivals de cinema
RÍAS BAIXAS FILM FEST

• ÍNDICE

Primeiro a seguridade... 6
Homenaxes..... 8
Premios.... 10
Xurados.... 11

Seccion Oficial
Ficción e Animación... 16
Furacáns (Non Ficción)... 22
Novas Camadas... 26
Videoclips... 30

Música....31
Filme de apertura... 36
Tarde Coira... 37

Logametraxes. Outras estreas... 38

Encontros
Kleber Mendonca Filho...40
Coloquios AISGE... 42
Café con CREA... 43
Mesa Proxecta... 44
Coloquio con Ian Gibson... 45
Lendo Cine.... 46
A qué andas...47

Fillas e fllos de Cans... 48
Correspondencias....49
Minicans....50
Emocións en Cans...52
Cans participa...56
Exposicións..58



"Κόη"

PASOS
DE LA
MEMORIA

Primeiro, a seguridade

Vivimos nuns momentos nos que temos que ser moi estritos coas pautas de hixiene e distanciamento. Colaborade ao máximo coa organización para que as actividades se poidan celebrar ordenadamente. Por favor, seguide as normas en todo momento.

Usa a máscara. Faino en todos os espazos do festival: salas de proxección, Espazo Estrella Galicia e mesmo nos camiños.

Segue as indicacións de mobilidade. Respecta os carrís de acceso para peóns e as indicacións de mobilidade e circulade sempre pola man dereita. Non deixedes nunca de manter as distancias ao vos desprazar, tamén nos camiños.

Coida a hixiene das mans. Usa o xel hidroalcohólico que estará dispoñible na entrada e saída de todos os espazos. Recoméndase lavar as mans con frecuencia.

Orde nos accesos. Entra nas salas ordenadamente, en grupos de nunca máis de 10 persoas. Sae do mesmo xeito ordenado, seguindo as instrucións da organización.

Se fumas, faino nos sitios indicados. Prohibido fumar en calquera espazo colectivo, interior ou exterior.

Evitemos a xoldra nouturna . Desaloxo graduado da aldea cada día **antes da unha da mañá**, hora de remate das actividades. Non fomentaremos ningún tipo de encontro colectivo, polo ben do público e da organización e pola seguridade total das veciñas e dos veciños da Cans. Pedímosche que saias da aldea andando ou nos buses que habilitaremos.

Sentadxs. Hai que ermanecer sentados en todxs as actividades, agás roteiros e simlilares, loxicamente. No espazo Estrella Galicia da Leira do Río tamén tes que permanecer sentadx sempre. Podédeste erguer da cadeira para coller bebida, pero axiña debes volver ao teu asento. Non se permite quedar bebendo de pé na barra.

Grazas por colaborares. Segue e respecta en todo momento as instrucións da organización e da seguridade do Festival. Colabora con nós, por favor: custou moito chegar ata aquí. Fagámolo todas e todos ben.

Homenaxes

Premio Pedigree' 20
Jorge Coira

O Festival de Cans outorga o seu máximo galardón ao lucense Jorge Coira por ser figura fundamental do audiovisual galego.

Este ano cúmprense 25 anos dende que Jorge Coira asinou 'O Matachín', a curtametraxe co-protagonizada por actores coma Luís Tosar ou Luís Zahera. Foi a segunda curtametraxe que fixo para salas de cinema e obtivo o recoñecemento xeral do entón incipiente sector audiovisual galego. Xa nunca deixaría de contar historias e xerar contidos de entretemento para cinema ou television. Entre elas, longametraxes coma as premiadas '18 comidas' e 'Eroski Paraíso', que co-dirixiu xunto a Xesús Ron. Tamén guionista e montador, en 2015 obtivo un Premio Goya á Mellor Montaxe polo seu traballo en 'El Desconocido'.

A Asociación Arela outorgoulle a Jorge Coira o premio logo de valorar especialmente tanto a súa e a calidade da súa obra coma a súa capacidade para xerar levar ao cinema e o audiovisual temáticas de Galicia e a súa vida cotiá.

Chimpíns de Prata 'Pepe Puime'

Tamar Novas

Recoñecido actor de cine, teatro e televisión, Tamar debutou en 1999 co director José Luis Cuerda en 'La lengua de las mariposas'. En 2004, con 'Mar Adentro', de Alejandro Amenábar, gañou o Premio Goya ao Mellor Actor Revelación. Traballou ás ordes de Pedro Almodóvar, Margarida Ledo, Gerardo Herrero, Milos Forman, Paco Plaza e Isabel Coixet, entre outros.

Tamar Noas ten destacado por xogar un imprescindible papel de apoio ó festival no sector cinematográfico e no seu impulso constante nas redes sociais, onde cada ano visibiliza o seu apoio incondicional ó Festival de Cans.

Chimpíns de Prata 'Premio Divina Campos'

Marisol González

Referente en Cans como acordeonista, instrumento no que se iniciou nos anos oitenta coa formación familiar Os Catro Ventos, Marisol é unha das almas do tradicional roteiro sonoro e tamén compositora, co profesor Alex Balbuena, de dous temas que xa son un himno na aldea: 'A Felisiña' e 'O acuque de Cans'. O nome de Marisol González sumarase este ano aos dos outros veciños xa homenaxeados no coñecido Muro dos chimpíns.

Premios

SECCIÓN OFICIAL. COMPETICIÓN.
10.200 € en premios.

Premio do xurado
á Mellor Curtametraxe de ficción.
2000 € e Can de Pedra.

Premio do público
á Mellor Curtametraxe de ficción.
1500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Curtametraxe de animación.
1500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Curtametraxe de non ficción.
'Furacáns':
1200 € e Can de Pedra.

Premio Deleite do xurado
á Mellor Curtametraxe.
'Novas Camadas'.
500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Guión.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado á Mellor Realización.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Actor.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Actriz.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Dirección de Fotografía.
300 €, Can de Pedra e Vale de RC SERVICE de 1000 € intercambiables por material de rodaxe.

Premio do xurado
á Mellor Banda Sonora Orixinal
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado dos veciños
á Mellor Curtametraxe.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Videoclip.
500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Booktrailer:
400 €.

Premio do Festival de Cans
ao Mellor Booktrailer:
300 €.

Premio do público
ao Mellor Booktrailer:
200 €.

Xurados

FICCIÓN / ANIMACIÓN

ALEJANDRO MARZOA, director. Nado en Vigo en 1979. Comeza con 'Temporada 92-93' (2007) unha carreira de curtametraxista que lle valeu máis de 80 premios en diferentes festivais. Codixiriu o documental 'Your Lost Memories' (2011) e debutou na longametraxe de ficción con 'Somos gente honrada' (2012), estreada en Cans e gañadora de 6 Mestre Mateo en 2014. Realizador ocasional do programa Salvados, de La Sexta.

XAVI FONT, compositor e produtor. Nado en Bellpuig en 1972. Membro da European Film Academy, da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España e da Academia Galega do Audiovisual, pasou en 2004 da música a orientar as súas composicións cara o audiovisual. Gañou tres Mestre Mateo á mellor música orixinal: por 'Hierro', en 2020; por 'La sombra de la ley', en 2019; e, en 2013, por 'O Apóstolo'. Tamén é produtor de 'O que arde' (2019) e de 'Ons' (2020), e produtor e coautor da BSO do filme de apertura de Cans 2021, 'Donde acaba la memoria'.

EMILIE LESCAUX, produtora e montadora. Nada en Bourdeaux en 1979, é socia da produtora CinemaScópio e produtora executiva do Festival Janela Internacional de Cinema do Recife. Entre os seus traballos de produción destacan as longametraxes de Kleber Mendonça Filho, 'O Som Ao Redor' (2012), representante de Brasil nos Premios Oscar; 'Aquarius' (2016), competidora na sección oficial de Cannes; e 'Bacurau' (2019), Premio do Xurado no Festival de Cannes.



SARA CASASNOVAS, actriz e realizadora . Nada en Ourense en 1984, comezou a súa carreira en Galicia participando en series, curtametraxes e teatro, antes se converter nun rostro coñecido e recoñecido en toda España e no estranxeiro —Mellor Actriz no Kimera Film Festival de Campobasso—, logo de traballar ás ordes de directores como Leah Welch, Josh Porter ou Fran Valdez, entre outros. Dirixiu o filme Escarabana, premiado no festival de Cine Fantástico de Barcelona.

FON CORTIZO, director e guionista. Nado en Vigo en 1978, a súa obra documental combina literatura, política e identidade individual e colectiva. Amosouno en 'Contrafaces' (2015). Dirixiu tamén as curtametraxes 'Filomena' (2017) e 'Aysha' (2017), proxectadas en Edimburgo ou Zinebi e premiadas en DUAF New York e en Curtocircuíto. A súa primeira longa de ficción, 9 fugas (2020), foi Premio á Mellor Longametraxe Internacional (ex aequo) no Festival Internacional de Gijón. Preside CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización.

Xurados

FURACÁNS + NOVAS CAMADAS

JAIME PENA, crítico e escritor. Tamén programador do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), Jaime Pena é licenciado en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual. Foi coguionista, axudante de dirección e profesor universitario e participou como xurado en diversos festivais internacionais. Desde 2003 pertence ao Círculo de Escritores Cinematográficos. Nesta edición de Cans presenta o seu ensaio 'El cine después de Auschwitz' (Cátedra, 2020).



GUILLERMO GARCÍA LÓPEZ, director e produtor. Nado en Madrid en 1985, é licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidad Complutense. O seu primeiro filme, 'Frágil equilibrio' (2016) recibiu o Goya á Mellor Película Documental. Tivemos ocasión de velo en Cans. En 2017 creou, escribiu e codirixiu a serie 'Atlánticas', tres películas entre o documental e a ficción emitidas en TVE. Actualmente prepara 'Ciudad sin sueño', que terá como escenario, nos arredores de Madrid, o lugar de La Cañada, un dos asentamentos ilegais máis grandes de Europa. Será a súa primeira longametraxe de ficción, cuxo proxecto foi seleccionado nos laboratorios de algúns grandes festivais do mundo, como Cannes ou Torino.

XISELA FRANCO, cineasta, documentalista, artista visual e docente. En 2003 fundou, con Noé Rodríguez, Epojé Films, desde a que dirixiu e escribiu guións de documentais para televisión (TVE, TVE2, Canal Historia...) e pezas de cinema experimental que a propia autora engloba baixo a etiqueta de 'Cine migrante. Como artista vistual, participou en espazos como a Keyhole Artfair (Murcia), Fundacion Luis Seoane, Galería Atlántica, Museo da Cidade da Cultura, Auditorio de Galicia, Museo da Diputación de Lugo, Fundación Abanca, Casa das Artes de Vigo ou a santiaguesa Fundación Didac.

Xurados

VIDEOCLIPS

ELBA FERNÁNDEZ ,deseñadora gráfica, música e compositora. A carreira da coruñesa Elba Fernández chegou ao público indie con Jane Joyd, banda ganadora en 2011 do Proyecto Demo, organizado por RNE3 e o FIB. O seu segundo proxecto, Mordem, deixou en 2017 un disco que formou parte do universo sonoro da serie Hierro, cuxa música orixinal Elba tamén firmou, xunto con Xavi Font. Esa colaboración continuou noutros filmes e series para televisión, como 'Ons', 'Agua Seca' e 'Donde acaba la memoria,' que abrirá este ano o noso festival.

RAMIRO MCTERSSE, RAMIROQUAI, músico, DJ, promotor e realizador. Ramiroquiai (Madrid 1975) formou parte de proxectos artísticos e bandas musicais como Hechos contra el decoro (HDC), Cirque Du Soleil, Mayumana, La Fura Dels Baus ou a compañía de flamenco en linguaxe de signos 30 Decibelios. É un incansable axitador cultural que presenta e dirixe programas en Radio 3, de RTVE (Bandera Negra e Atrvpadxs), ademais de reporteiro musical en La Hora Musa, de TV1. Membro da dirección do festival O Marisquiño entre 2011 e 2015, tamén dirixiu o documental 'Bandera Negra: KM 0'.

SERGIO VALBUENA, programador cultural e xornalista musical. É o director de CortoGijón e do FIVO (Festival Internacional de Videoclips de Oviedo), un dos grandes certames dedicados ao videoclip en España. Bo coñecedor da escena audiovisual e musical asturiana, creou a web Gijón Music e colaborou en numerosos fanzines. Na actualidade faino na edición asturiana de Mondosonoro.

.

Xurados

XURADO DAS VECIÑAS E DOS VECIÑOS

Jesusa Quintas
Susa do Sabiás. Ten 82 anos e traballou toda a vida
no matadoiro, onde se xubilou hai varios anos

Montserrat Cao, Montse da Carreira.
Ten 53 anos é traballa como cociñeira.
Montse representa ó barrio da Carreira.

María Puime, María da Graña.
Ten 39 anos e traballa no matadoiro. Representa ó barrio da Graña.

Antonio Sequeiros, Tonio.
Ten 82 anos e representa ó barrio do Sabiás.

Laura Cid, Laura do Castillo.
Ten 43 anos, vendedora ambulante dunha familia con longa tradición.
Representa ó barrio do Castillo.

Estrella Galicia
festival de cans
CURTAS
MARISOL e ALFONSO
VECIÑOS DE CANS
A RESISTENCIA NUNCA DEIXA A NINGUÉN ATRÁS
Estrella Galicia
RESISTENCIA
DESDE 1906

Sección Oficial

FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 1.

Casa de Mari. Baixo de Moncho e Baixo Alfonso.
Cuberto de Chelo e Casa do Carreira.
Sábado 4 . 10 e 13.30 h. | 16.30 e 20 h.

O SON DA BALEA

2021 | 16' 25" | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección: Daniel Suárez Rubini. **Xefa de produción:** Natalia Porca. **Produción executiva:** Annabelle Mullen. **Guión:** Daniel Suárez Rubini e Javier Trigales. **Fotografía:** Pío Cribeiro. **Edición:** Sara Fernández. **Son:** Toni Penido. **Música:** Gabriel Prada. **Reparto:** Isabel Naveira, Denís Gómez, César Cambeiro, María Fariñas, Giuliano Lancelotti, Leila Cores. **Xénero:** Ficción.

Vai de: Naia regresa á illa da súa infancia. Alí verase obrigada a se enfrontar cun escuro pasado envolto entre cantos de baleas.
O detalle: Ópera prima do debutante Daniel Suárez- Rubini, que gravou esta curta nas fermosas paisaxes da Illa de Ons.

THE MONKEY

2021 | 13' 46" | España-Portugal | Inglés subtítulado | Estrea en Galicia.

Dirección: Xosé Zapata e Lorenzo Degl´Innocenti. **Produción:** Xosé Zapata, Nico Matji e Nuno Beato. **Produtoras:** Lightbox e Sardinha em Lata. **Guión:** Xosé Zapata e Ana Romaris. **Son:** José Alcaine Bartolomé e Álvaro de Iscar. **Música:** Manuel Riveiro. **Montaxe:** Fran X. Rodríguez. **Voces:** Colm Meaney, Alex Brehdemühl, Luis Iglesias e Monti Castiñeiras. **Xénero:** Animación.

Vai de: 1588. Un náufrago da Armada Invencible enviada por Felipe II desde Lisboa para conquistar Inglaterra é capturado nunha praia de Irlanda, onde o xulgan, declaran culpable e executan na forca. Todo parece moi razoable segundo as leis da guerra e do odio entre os humanos; pero resulta que o prisioneiro é un mono..
O detalle: Sempre bordeando a liña máxica do fantástico e do cinema de terror, o realizador Dani Viqueira regresa a Cans, onde en 2019 recibiu o Premio do Xurado pola súa curta "Limbo".

RUMBO A ELEUSIS

2021 | 10' 05" | España | Sen diálogos | Estrea absoluta.

Dirección, **guión**, montaxe, **fotografía**, **son** e **música**: Borja Santomé Rodríguez. **Produtora**: AECID (Proyecto Ventana). **Xénero**: Animación.

Vai de: Rumbo a Eleusis é unha viaxe de imaxes e sons que nos falan do máxico e do sobrenatural nun mundo moderno. Trata das situacións trascendentales que invaden o cotián por sorpresa, guiándonos polo fluír da vida ao mesmo tempo que nos dan claves para comprender o noso subconsciente. **O detalle:** Borja Santomé medrou como curtametraxista en Cans, onde en 2018 levou o Premio do Xurado á mellor curta de animación por "El Reloj".Estrea da súa nova curta realizada en París, onde reside.

CABELO

2020 | 16’ 30” | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección e guión: Beatriz Vilariño **Produción executiva:** Beatriz Vilariño, Marcos Del Villar. **Dirección de produción:** Silvia Fuentes. **Fotografía:** Marcos Del Villar. **Montaxe:** Santiago D. Risco. **Son:** Xes Diéguez. **Reparto:** Cristina Andrade, María Costas, Brais Abad, Julia Calvo, Irene Veiga. **Xénero:** Ficción.

Vai de: O mundo de Aurora era coma un formigueiro vacío, ata que chegou un grilo, para revolucionar a súa soidade.
O detalle: A curta de Beatriz Vilariño chega por vez primeira en Galicia despois de ter pasado por diversos festivais internacionais en países como India, Exipto ou mesmo China.



WHAT A CIRCUS

2020 | 3’ 38” | Reino Unido | Inglés, con subtítulos en castelán | Estrea en España

Dirección e **guión**: Anita Pico Produción: Kathryn Chorley. **Montaxe**: Caleb Caprietta. **Fotografía**: Zoya Chung Son: Dan Jones. **Música**: Mitch Gardner **Reparto**: Alastair G. Cumming, Catherine Maitland, Marcus Forde, Richard Hearne, David William Smith, Katie Rogers .**Xénero**: Ficción .

Vai de: Estamos a vivir unha mentira? Nesta sátira extravagante, un misterioso mestre de entroido guíanos a través dos problemas da sociedade moderna, cuestionando o perigoso futuro que estamos a construír.
O detalle: A coruñesa Anita Pico rodou esta curta en Londres, sendo seleccionada polo interesante programa de talentos New Creatives, promovido pola BBC e Arts Council England.

LA PENUMBRA

2020 | 14’ 58” | España | Español

Dirección e montaxe: Dani Viqueira. **Produtora executiva**: Sofía Pérez Jordán. **Guión:** Luis Sánchez-Polack. **Fotografía:** Ignacio Aguilar Son: Mónica González Puerto. **Música:** Joan Vilà Reparto: Daniel Ortiz, Lorena Hidalgo, Marta Herrero Cagigal, Alberto Conde, Jaime P. Barahona, Lucía Hidalgo, Noemi Marcos. **Xénero:** Ficción, thriller.

Vai de: Laura estuda para os oposicións á súa especialidade médica. Non ten apenas tempo pola hipocondría do seu home e polas pelexas dos seus fillos. Pero cando todo escurece e Laura entra na penumbra a súa vida cambia para sempre.
O detalle: Sempre bordeando a liña máxica do fantástico e do cinema de terror, o realizador Dani Viqueira regresa a Cans, onde en 2019 recibiu oPremio do Xurado pola súa curta “Limbo”.

MONTE BRAVO

2020 | 13' 31" | España | Galego

Dirección, guión e montaxe: Noelia Mª Muíño González. **Produción**: Gerard Estalella Puigdollers, Manuel Muíño, Maribel González Aguiar. **Fotografía**: Lorena M. Durán. **Son**: Xián Freire, La Panificadora Estudios. **Música**: Mike Brun. **Reparto**: Paula Vázquez Corral, Pablo Balado Rey, Isabel Figueira Salgueiros, María del Carmen Sanjurjo Manteiga. **Xénero**: Ficción.

Vai de: Paula é unha nena que vive nunha aldea galega despois da Guerra Civil. Un día, mentres xoga co seu irmán Pablo, Ve un lobishome no bosque. Pero é real ou só está na imaxinación da nena? Durante a busca que emprenden os irmáns para atopar o licántropo, mergullámonos nunha relación chea de soidade, alegría e medo. **O detalle:** Formada como cineasta en Nova York, Noelia Muíño regresa á competición de Cans, despois de ser unha das triunfadoras da edición 2029 con "The Window", reconocida polo xurado con tres premios.

DEUX OPTION

2020 | 9' 38" | España-Francia | Francés, con subtítulos en castelán | Estrea en Galicia.

Dirección e guión: Gon Caride. **Produtora**: FUCIÑOS & Kinomada. **Produtores**: Diane Malherbe, Arturo M. Merelo, Andrés Caride, Gon Caride, Kinomada, Norbert Gouttefangeas, Kamir Meridja, Sam Meridja, Aziz Mahtat. **Montaxe**: Alexander Jazdzewski Fotografía: Carlos Mendoza Guillén. **Son**: Norbert Gouttefangeas .**Reparto**: Jan Soja, Noël Faure, Mohanad Diab, Sara Belala, Mehdi Abdelakami, Aurelié Sivaciyan. **Xénero**: Ficción.

Vai de: No país da Liberdade, a Igualdade e a Fraternidade, nesta nova Europa sen fronteiras, asediada polo medo e a intolerancia, un inmigrante polaco tense que enfrontar á realidade do racismo.
O **detalle**: Rodada en Francia, esta curta sobre o racismo, a inmigración e a crise dos refuxiados, foi seleccionada xa en 35 festivais internacionais, pero verase por vez primeira en Galicia.

Sección Oficial

FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 2.

Casa de Mari, Baixo de Moncho e Baixo de Alfonso, Cuberto de Chelo e Casa do Carreira.
Sábado 4 | 10 e 13.30 h. | 16.30 e 20 h.

O QUE QUEDA DE NÓS
2021 | 17' | España | Galego

Dirección e **guión**: Miguel Gómez Abad. **Produción**: Lucía Carrera, Eva María Fernández. **Fotografía**: Jorge Díaz Ferradás . **Montaxe**: Lucía Abeledo. **Son**: Juan Garrido. **Música**: Juan Garrido e Manuel Lucas. **Reparto**: María Costas, Lidia Veiga, Lois Soaxe, Mayka Braña, Iria Gómez. **Xénero**: Ficción, thriller.

Vai de: Unha rapaza e a súa nai saen sempre xuntas a cazar. A filla é moi boa coas armas, pero a nai cre que aínda non está lista. Un día de batida perden os cans e todo empeza a complicarse **O detalle**: A segunda curta de Miguel Gómez deixa un interesante man a man interpretativo entre dúas actrices: a experimentada Maria Costas e a xoves Lidia Veiga.



SOMOS CÁRCERE
2021 | 13' 43" | España | Galego | Estrea en Galicia.

Dirección, guión e montaxe: Irene Pin. **Produción**: Cristela Torres. **Fotografía**: Lucía C. Pan. **Son**: Dani Ameneiro. **Música**: Iria Iglesias. **Reparto**: Sara Ferro, Fernando González, Andrea Peiteado. **Xénero**: Ficción.

Vai de: Elba leva un tempo á deriva, deixándose arrastrar pola inercia. A monotonía dun traballo precario, a festa como evasión. Prometéranlle que a vida ía ser algo máis. Unha mañá érguese soa, espida, após rematar por enésima noite coa persoa equivocada. Cando quere marchar, descobre que Toni deixouna fechada por accidente. Mentres agarda nesa claustrofóbica soidade, coa gata Mei por única compaña, Elba terá que enfrontarse ás súas pantasmas. Porque o peor cárcere está na nosa mente.

O **detalle**: Sempre cunha interesante mirada desde o punto de vista da muller, Irene Pin debuta nas curtas de ficción, despois de ter creado e dirixido a primeira webserie interactiva en galego, "Amnesia 3.0".



CINERIS
2020 | 16' 25" | España | Galego | Estrea.

Dirección, guión e montaxe: Carlos A. Quirós. **Produción**: Cristina Esteiro. **Fotografía**: Pío Cribeiro Son: Alberto Blanco. **Música**: Gabriel Prada. **Reparto**: Josefa Díaz, Xosé Manuel Felpeto, Víctor Díaz, Roi Saiz, Sergio Cartelle Rico, Alba Varela Rodríguez. **Xénero**: Ficción.

Vai de: Como todas as noites de fin de ano, Aurora tomará as uvas co seu irmán. Aínda que esta vez será diferente: Vicente acaba de morrer. **O detalle**: Hai que fixarse na cidade de Ferrol de fondo, que funciona case sempre como un personaxe mais nas curtas de Carlos A. Quirós. A súa anterior obra, o documental "Ferrol Mola", estivo en festivais como Miradas Doc.

HOMELESS HOME

2020 | 15' 38" | Francia-España | Castelán..

Dirección e guión: Alberto Vázquez. **Dirección de animación**: Khris Cembe. **Produción**: Nicolas Schmerkin e Iván Miñambres. **Montaxe**: Laurent Blot. **Montaxe. de son**: Dorine Le Lay. **Música**: Víctor García. **Voces**: Sonia Méndez, David Perdomo, Alberto Rolán, Kandido Uranga. Sandra Lesta, Ramón Barea, Alberto Vázquez e Miguel Canalejo **Xénero**: Animación.

Vai de: Homeless Home está habitado por monstros e seres fantásticos: bruxas, nigromantes, orcos, fantasmas... personaxes sumidos en vidas anódinas. De fondo, un triángulo amoroso que serve de escusa para abordar o drama dos que, pola crise económica, vense na obriga de regresar ao lugar onde naceron.

O detalle: Con tres premios Goya no seu haber, Alberto Vázquez volveu estar nominado a mellor curta de animación na última edición.. Alberto Vázquez é además un clásico de Cans, onde se forxoru como cineasta gañando tres veces o Premio do Xurado na categoría de animación.

HAI UNHA VIRXE ALÍ ARRIBA

2020 | 14' 27" | España | Galego

Dirección, guión e montaxe: Brandán Cerviño. **Produción**: Sabrina Zimmermann. **Fotografía:** Pablo Ascanio. **Son:** Alfredo Aybar, Daniela Fung Macchi Música: Laura Vázquez Do Sil, Inma Castro Serén. **Reparto:** Ángel López, Lúa Pagán. **Xénero:** Ficción.

Vai de: Un mozo leva a pastar seu gando ao monte. No camiño de volta atopa unha rapaza que quere ver unha virxe gardada na igrexa do cumio da montaña e decide acompañala na busca. Porén, nun momento da improvisada "peregrinación" os seus camiños afástanse e unha figura mítica e ancestral revélase. **O detalle** Formado na Escola de Cine de San Antonio de los Baños, en Cuba, Brandán Cerviño ten unha interesante obra no ámbito da non ficción, coa que pasou por Cans en anteriores edicións, e agora dirixe por vez primeira unha curta de ficción.

AUTORIDADE DESCONFINADA

2021 | 4' | España | Galego | Ópera prima | Estrea.

Dirección, produción, guión, montaxe, fotografía e son: Marcos Rodríguez. **Música**: Kevin MacLeod. Audionautix **Reparto**: Roque Celludo, Maruxa das Follas, Remedios Frik, Uxío Tarabelo, Lida Terralonga e Dani Zenoria. **Xénero:** Animación

Vai de: Autoridade desconfinada retrata unha das situacións habituais durante a pandemia da COVID-19: ás veces deberiamos contar ata dez antes de xulgar os actos dos demais. **O detalle:**Primeira Curtametraxe de animación do debutante Miguel Rodríguez.

RAKEL

2021 | 9’ 28” | España | Castelán | Ópera prima.

Dirección e guión: Aarón Vilariño. **Produción:** Adrián Pachón e Irene Almirante. **Fotografía:** David Torío. **Son:** Oriol Matamales Porta. **Reparto:** Miriam Moukhles, Pau Vázquez, Fina López, Jordi Rocaspana, Marc Baltà, Irene almirante, Claudia Pastor, Miriam Rubio, Marta Meseguer e Magda Martínez. **Xénero:** Ficción.

Vai de: Rakel vive soa co seu fillo nun piso de protección oficial. A precariedade laboral, xunto coa presión exercida pola súa nai e a sociedade no seu conxunto, levarana a explorar os seus propios límites.

O detalle: Prometedor debú de Aaron Vilariño, xove cineasta compostelán de só 21 anos, formado na ESCAC de Barcelona.

Sección Oficial

FURACANS. Bloque 1.

Baixo de Bugarín.
Sábado 4 | 10.30 e 17.00 h.

BLANCO Y FUCSIA.
2020 | 10' 40" | España | Castelán

Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e son: Marta Valverde. **Reparto**:, Claudia Silva, Leonor Castro, Rafa Díaz, María Ruiz, Rocío Agudo, Ángela Corbacho, Marta Valverde.

Vai de: Chego á casa do meu traballo mal pagado. Outra vez tarde. Abro o frigorífico e recordo que non só non me puiden preparar unha friameira para hoxe, senón que non tiven nin sequera tempo de ir facer a compra. Miro luxuriosamente as baldas dos meus compañeiros de piso, pero non vexo nada que poida roubar sen que se decaten. Acabo por cocer pasta con pesto e levo o prato ao meu cuarto. A miña parede, chea de pósteres, fotografías e debuxos, é unha fiestra. Pecho os ollos, xa non estou alí, estou en calquera outro tempo ou lugar. **O detalle**: A curta nace a partir dun proxecto de cinema expandido, entre a instalación e o live cinema, desta interesante cineasta de Nigrán que traballa con material autobiográfico.

EU MÁIS
2020 | 14' 45" | España | Galego e castelán | Estrea en Galicia.

Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e música: Ángel Montero. **Son**: Rafael Martínez .**Reparto**: María Fernández, María Serna, Maruja Vázquez, Julia Vázquez, Antía Vázquez .

Vai de: 'Eu máis' é un achegamento á memoria familiar a través da paisaxe, unha viaxe ao primitivo, unha pregunta aos animais, un intento de atravesar o medo e fundirme con todo o que me rodea. **O detalle**: Esta curta de Ángel Montero ven avalada polo seu paso por festivais de prestixio como Zinebi de Bilbao, L´Alternativa de Barcelona ou DocLisboa.

EL JARDINERO CLANDESTINO
2020 | 8' 30" | España | Castelán | Ópera prima | Estrea.

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Erea Pereiro, Francisco Guirao. **Produtora**: Yokran Films. **Producción executiva**: Francisco Guirao. **Dirección de produción**: Erea Pereiro. **Posprodución de son e música**: Juan Guillermo Calderón. **Reparto**: El Jardinero clandestino, Alaska.

Vai de: O xardineiro clandestino, un home que, nos tempos do capitalismo e do cambio climático, deixa ver como o compromiso, a iniciativa e a solidariedade son a base para acadar un mundo mellor. Un mundo que decide construír comezando pola creación de microespazos no barrio madrileño de Malasaña. **O detalle**: Estrea en Galicia desta curta documental rodada no barrio de Malasaña en Madrid, codirixiada pola porriñesa Erea Pereiro con Franscisco Guirao.



AUGAS ABISAIS
2020 | 24' | España | Galego

Dirección, guión e montaxe: Xacio Baño. **Produción executiva**: Tamara Canosa, Xacio Baño. **Fotografía**: Lucía C. Pan. **Son**: David Machado. **Música**: Xavi Bértolo. **Reparto**: Josefa Cociña, Rafael Bañón.

Vai de: Unha luz acéndese. Son escorregadizos e difíciles de ver. Habitan onde nada é. Alá. No fondo. Unha curta que indaga no pasado familiar do autor, coa Guerra Civil como punto de partida. **O detalle**: Gañador en tres ocasións do Festival de Cans na categoría de ficción, Xacio Baño regresa ó noso certame, despois de exhibir esta curta en festivais tan importantes como Clermont- Ferrand (Francia), Sheffield (Inglaterra), D´A Barcelona, FicXixón ou o Festival de Málaga.

PERRUNILLAS
2020 | 10' 24" | España | Castelán e castúo, con subtítulos en galego e en castelán | Ópera prima.

Dirección, guión, montaxe e son: Dena Parro. **Produción**: Dena Parro, Santi Teijelo. **Fotografía**: Santi Teijelo. **Reparto**: Antonia Moreno Carrasco, Dena Parro Márquez.

Vai de: Mudan os tempos e a xente maior vive nas grandes cidades mentres que a xente nova busca achegarse á vida rural. Na aldea na que se criou a súa avoa, Almudena decide cociñar o doce típico adaptándoo aos novos tempos.**O detalle**: A extremeña afincada en Galicia Dena Parro, pasou tamén polo festival Alcances con esta obra co desarraigo como telón de fondo.

Sección Oficial

FURACANS. Bloque 2.

SÓ AS ÁRBORES COÑECEN O SON DAS BALAS
2021 | 12’ 40” | España | Galego | Estrea

Dirección, produción, fotografía, montaxe e son: Rebeca Lar.**Guión**: Rebeca Lar, baseado nas investigacións de Julio Prada, Aurora Marco e Xoán Carlos Abad.

Vai de: **Só as árbores coñecen o son das balas é unha conversa** audiovisual, unha reflexión sobre o a paisaxe e o territorio galegos, unha primeira aproximación á investigación de diversos acontecementos relacionados coa guerra civil na provincia de Pontevedra. Nesta curtametraxe descríbense casos concretos con pinceladas esbozadas, outorgando importancia á natureza como testemuña de todas as accións relatadas e, probablemente, de moitas máis. **O detalle**: Rebeca Lar regresa por segunda vez a Cans, cunha obra que se achega de xeito singular á memoria dun lugar cunha historia macabra: a Volta dos 9.

OS CORPOS
2021 | 11’ 03” | España | Galego .

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Eloy Domínguez Serén. **Produción**: Beli Martínez. **Son**: Alba Domínguez Serén.

Vai de: Na provincia de Ourense festéxase cada ano unha das formas máis antigas de Entroido. Ao longo de varios días celébranse folións, farrapadas, corredoiros e baixadas con felos, cigarróns, pantallas e peliqueiros, alumados con fachos e acompañados do estrondo de tambores. As multitudinarias escenas nocturnas adquiren un significado adicional pois filmáronse a finais de febreiro, só dez días antes do primeiro caso de Covid-19 confirmado en Galicia.
O detalle: Esta obra que reflexa o vandalismo e a subversión do entroido, impactou no seu paso por festivais internacionais como o IDFA de Amsterdam, Bafici de Buenos Aires ou Clermont- Ferrand en Francia.

PERSOA, POBO, PAISAXE
2021 | 20’ 05” | España | Galego | Estrea.

Dirección, guión e montaxe: Daniel Pérez Silva. **Produción, fotografía e son directo**: Daniel Pérez Silva, Pedro Galbán. **Montaxe e mestura de son**: Pedro Iglesias

Vai de: Un pobo do rural galego. Algunhas das persoas que quedan nel. A incesante busca da beleza no cotián, onde nunca ocorre nada. Ou si?



MARCAS
2020 | 9' 31 | España | Galego

Dirección e guión: Aldara Pagán. **Productora**: Elías Querejeta Zine Escola. **Fotografía:** Adrián Canoura. **Revelado:** Juliana Príncipe, Aldara Pagán **Escaneado e dixitalización**: Ane Zulaica e Juliana Príncipe. **Reparto: Aldara .Pagán.**

Vai de: 'Marcas' recupera tres poemas que a directora escribiu cando tiña entre 16 e 18 anos, cos que conforma unha serie de poemas visuais nos que as imaxes do seu corpo acompañan a voz da realizadora a recitar.

O detalle: Aldara Pagán regresa a Cans onde xa fora premiada en 2019, con "O que precede á caída é branco". De novo, con material autobiográfico e coa poesía como centro da súa obra..

O INTRUSO
2021 | 14" 10" | España | Galego e castelán | Estrea

Dirección, guión e fotografía: Ariadna Silva. **Productora:** Gancho Producións. **Montaxe:** Isaac Rivadulla e Ariadna Silva. **Son**: Manuel García Vicente. **Música:** Manuel García Vicente, Pla Vinseiro.
Reparto: Leticia T. Blanco.

Vai de: Unha cineasta fai un vídeo retrato da súa avoa Carmen, quen lembra como foi o día no que un home lle entrou na casa para roubar as xoias que ela gardara durante toda a súa vida. Con todo, non será o único intruso que apareza.

O detalle: Despois da interesante reflexión da súa anterior curta "Cartografía do Esquecemento", Ariadna Silva regresa a Cans para estrear a súa nova curta.

Sección Oficial

NOVAS CAMADAS. Premio Deleite.

BOMBAS DE PALENQUE

2021 | 6' 48" | España | Galego | Ópera prima | Estrea

Dirección: Martín Arufe. **Produtora**: Quimera Producciones. **Produtoras**: Inés Casal, Sandra Comesaña **Produtor executivo**: Paulino Pérez Feijoo. **Guión**: Martín Arufe, Jorge Álava, Víctor Couto. **Fotografía**: Lorena Domínguez. **Montaxe**: Carlos García. **Son**: Nicolás Álvarez. **Música**: Diego Arufe. **Reparto**: Diego Caro, Jessica Canosa, Lucas Borges, Mateo Rodríguez, Manuela Fernández, Daniel Moriarty. **Xénero**: Ficción.

Vai de: Hugo é un adolescente con moitas ganas de entrar no grupo de amigos do seu irmán maior. Cando este lle pregunta se quere ir de fiesta con eles, Hugo ten dúbidas e rexeita o ofrecemento. Entón, unha inesperada visitante aparece na habitación de Hugo e tenta convencelo para que si vaia á festa. **O detalle**: Curta saída da última fornada da interesante factoría da Universidade de Vigo.

DORES

2020 | 23' | España | Galego e castelán | Ópera prima | Estrea en Galicia



Dirección: Coral Piñeiro. **Produción**: Maite Martínez. **Guión**: Coral Piñeiro, Laura Piñeiro, Maite Martínez, Clara Miñán. **Fotografía**: Coral Piñeiro, Clara Miñán. **Montaxe**: Laura Piñeiro. **Son**: Maite Martínez, Bea Fernández. **Música**: Artur Silveiro. **Reparto**: Emma Chapela, Mariano Jabonero, Susana Sánchez, Tino Cordal. **Xénero**: Documental.

Vai de: Este documental provoca o re-encontro de catro persoas que, dunha forma ou outra, foron testemuñas das consecuencias da represión franquista en Galicia. **O detalle**: Este emocionante documental feito por alumnas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), exhibibuse no festival Docs Barcelona.

ONE GARDENING DAY

2021 | 2' | España | Castelán | Opera prima | Estrea

Dirección, produción, edición, deseño de son e música: Aarón Pérez Pardiñas. **Guión**: Aarón Pérez Pardiñas, Laura Pérez Zaera (segundo unha idea orixinal de Angy García). **Animación**: Aarón Pérez Pardiñas, David Pérez Plaza. **Voces**: Alberto Santigosa. **Xénero**: Animación.

Vai de: Nun mundo no que as plantas ocuparon o lugar dos humanos e viceversa, Jeffrey esperta unha mañá de domingo coa intención de traballar no cuberto do seu xardín. Pero un pequeno inconveniente converterá o seu día nun desastre. **O detalle**: Primeira e prometededora curta do animador Aaron Pérez Pardiñas.

ALETEADO

2021 | 6' 21" | España | Castelán | Estrea

Dirección, produción, guión, fotografía, son e montaxe: Yuri Salgado Álvarez. **Música:** Kevin Macleod e Chris Zabriskie. **Reparto:** Adriel Salgado Álvarez, Luis Salgado Gómez e María Ángeles Álvarez Alonso. **Xénero:** Ficción.

Vai de: 25 de decembro de 2020. Un mozo adorna a árbore de Nadal xunto a súa familia mentres lembra os anguriosos acontecementos que lles tocou vivir durante a pandemia da COVID-19. **O detalle:** Curta realizada por este alumno da Universidade de Vigo a partir dun obradoiro no festival Novos Cinemas, co director Eloy Domínguez Serén.

AQUELES DÍAS DE AGOSTO

2021 | 8' 32" | España | Galego | Ópera prima | Estrea.

Dirección: Anxo Rojo. **Produtora**: Escada Films. **Xefe de produción**: Diego Guada. **Guión**: Anxo Rojo e Gabriel Rey. **Montaxe**: Guillermo de Oya. **Fotografía**: Juan S. Pirola. **Deseño de son**: Samuel de Abreu Lago. **Música**: Xanma Louro e Xakín Martínez Maceiras. **Reparto**: Gonzalo Rojo, Juan Rivera, Xosé Manuel, Aitor Viqueira, Álvaro Bugarín, Artur García, Ariel González, Brais Gómez, Erik Estévez, Hugo Viqueira, Iago Viqueira, Joel González, Xián Gómez e Juan Carlos Gularís **Xénero**: Ficción.

Vai de: Juan reencóntrase co seu mellor amigo da infancia, quen volve á vila logo dunha temporada no Vaticano. Juan espera que a volta do seu amigo sexa para recuperar a especial relación que tiveran, mais os motivos do regreso son outros. **O detalle**: o director Anxo Rojo rodou esta curta na ECAM de Madrid, onde estudia.



POLONIO 210

2021 | 17' 34" | España | Galego | Ópera prima | Estrea

Dirección e montaxe: Iria Friedrich e Paula Blanco. **Produción:** Alba García e Sara Piñeiro. **Guión:** Sara González. **Fotografía:** Pablo Pastoriza. **Son:** Carlos Martín e Alejandro Fazabes. **Reparto:** Alfonso Agra, Ledicia Sola e Mario Carrera. **Xénero**: Ficción.

Vai de: Víctor Guzmán, un home de avanzada idade afeccionado ao coleccionismo de antigüidades, tenta superar a morte da súa nai: a muller da súa vida... ata o de agora. **O detalle:** Obra realizada por alumnas e alumnos da Universidade de Vigo.

NIGHT KEEPER

2020 | 6‘ 15” | España | Sen diálogos | Ópera prima.

.

Dirección, guión, animación e produción: Cynthia González e Daiana Tito. **Produtora:** Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV). **Dirección técnica:** Alexandre Santorio. **Asesor técnico:** Diego Lamas. **Música:** Toni Oliveros **X.énero:** Animación.



Vai de: Dous gardiáns da noite vagan polo bosque. Mentres brincan entre as árbores, un pérdese. A súa misión será atoparse outra vez. **O detalle:** As directoras realizaron esta curta como traballo dentro do ciclo de animación en 3D da EIS Vigo.

HOLLÍN

2021 | 6’ 45” | España | Galego | Ópera prima | Estrea.

Dirección e guión: Óscar Silva. **Director de produción:** Mauro España. **Produtoras:** Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV) / Producciones Vigo S.L. **Montaxe:** Carla Martínez. **Fotografía:** Andrea Rosales. **Deseño de son:** Daniel Gómez. **Reparto:** Brais Verde, Flako Estévez, Roberto Macías e Toni Fernández. **Xénero**: Ficción, suspense.



Vai de: Castor foxe do seu pasado conducindo por estradas inhóspitas. No medio do camiño atopa, estrelado, un coche idéntico ao seu. Cando para a ver que ocorreu, tres homes ameázano e obrígano a levalos. Aterrorizado, Castor deberá decidir se obedecelos ou enfrontarse aos seus medos e loitar por sobrevivir. **O detalle:** Curtametraxe realizada por alumnos e alumnas da Escola Imaxe e Son de Vigo.

Sección Oficial

NOITE LASAL DOS VIDEOCLIPS

Xoves, 2 | 22 h. | Centro Cultural-Auditorio Exterior

Na noite Lasal Cocinas proxectaranse os 20 clips finalistas dos presentados a concurso. Ao remate celebrarase o concerto de **Moon Cresta**.

YUGEN KALA
Faster/Alive
Dirixen: Mata Verde e Juanma LoDo (LivePixel).

BOYANKA KOSTOVA
Muinheira de interior
Dirixe: Xaime Miranda.

CAAMAÑO & AMEIXEIRAS
(con Silvia Pérez Cuz e Carola Ortiz)
Maneo de Cambre
Dirixe: Lucía Estévez.

ALE
La revelación
Dirixe: Margo Rivas.

ANTÍA MUÍÑO
Herba de Namorar
Dirixen: Carlota Arana e Juanma LoDo.

GUADI GALEGO
Velutinas
Dirixe: Jairo Moreno.

YOUCANTHIDE
Alone.
Dirixe: Colectivo Santamarta.

DOEN
Estear
Dirixe: Xoán Tourís.

GRANDE AMORE
Esta pena que a veces teño
Dirixe: Xaime Miranda.

SILVIA SEIVANE
Telecultivo
Dirixe: Marta Valverde.

THE HOMENS
Verán sen fin
Dirixe: Roi Fernández.

MUNDO PRESTIGIO
Millonario
Dirixe: Fer Areal

EQX
Lois
Dirixe: Martiño Porto.

XOANA
Anceios
Dirixe: Carlos Lago.

TULIP
Simpátic
Dirixe: Fer Areal.

AAMIGAFEA:
artista revelación (de tu clase).
Dirixe: Andrea Chaos.

TANXUGUEIRAS
Midas
Trece Amarillo e Playplan.

FURIOUS MONKEY HOUSE
No Lo Ves
Dirixe: Gero Cotas.

APARATO
Who will save me?
Dirixe: Ozo Perozo.

BAIUCA & RODRIGO CUEVAS
Veleno
Dirixe: Adrián Canoura.

•MÚSICA

Serán d@s veciñ@s

Mércores 1 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Capacidade: 110 persoas sentadas. DE BALDE. CON PREINSCRICIÓN.

Actuación das Pandereteiras de Cans e de AcordeCan dentro da homenaxe a Marisol González.

Noite Lasal Clips con Moon Cresta

Xoves 2 | 23.30 h. | Centro Cultural-Auditorio exterior

Capacidade: 100 persoas sentadas. DE BALDE. CON PREINSCRICIÓN.

Avalados por máis de vinte anos de traxectoria, á fin chega ao noso festival a descarga power funk dos Moon Cresta. Na Noite Lasal presentan o seu cuarto disco, Civil Fuzz Brigade, entregado en 2019 pero que a pandemia deixou case inédito no contacto co público. Unha banda que sempre conquista á xente cos seus enérxicos directos e que ten nos escenarios o seu hábitat natural. Moon Cresta nunca defraudan, por iso será unha honra recibilos.

Lar Legido (performance de percusión)

Venres 3 | 17.30 h. | Polos camiños da aldea desde o Torreiro ata a entrada do baixo de Bugarín

Luis Alberto Rodríguez Legido (Castromonte, 1975) é músico, investigador sonoro e profesor de batería español, pioneiro en Galicia e unha das figuras nacionais máis relevantes no panorama da libre improvisación. Percsionista do grupo de jazz Sumrá, Colaborou en proxectos de grupos e solistas tan importantes como ADN, S.E.M Big Band, Abe Rábade Trío, Xosé Manuel Budiño ou Mercedes Peón. No percorrido que fará polos roteiros de Cans, Lar Legido dará continuidade sonora e visual á personaxe que interpretou na longometraxe 9 Fugas, de Fon Cortizo.

Venres 3 | 23 h. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
Prezo actuación + Noite das homenaxes: 5 € (venda anticipada).

Maika Makovski

A mallorquina Maika Makovski leva preto de vinte anos construíndo un discurso propio nunha carreira como cantante que combina coa creación de bandas sonoras para cine —Quien a hierro mata— e teatro —colabora habitualmente con Calixto Bieito, un dos principais directores de escena de Europa—, e con traballos para televisión, como o de presentadora do programa La hora musa de La 2.

Algúns dos seus discos —oito de estudo e un en directo— foron producidos por John Parish, fiel aliado da banda de PJ Harvey, unha das artistas mais influíntes da historia do rock nas últimas dúas décadas. A produción do seu último álbum, MKMK —gravado en Tucson, Arizona, e no que participan Howe Gelb e Giant Sand, entre outros— asinouna Craig Shumacher, quen tamén está detrás dos estadounidenses Calexico.

ACORDEIRETA

Sábado, 4 | 13.30 h. | Torreiro de Cans. Sesión vermú

De balde baixo rexistro na tenda en liña do Festival de Can.

Patricia González e Alejandro Balbuena forman Acordeireta. Logo duhna longa traxectoria individual, deciden xuntar o acordeón e a pandeireta para divertirse, para seguir alimentando as súas almas, polo gusto de transmitir un sentimento prendido ás raíces, por reivindicar temas sociais actuais, por homenaxear con música ás persoas que queren e admiran e, sobre todo, para dignificar a lingua e a cultura galegas e compartilas co público.

CHISME

Sábado, 4 | 16.30 h. | Invernadoiro de Mucha e Juan do Peso

Prezo: 3€. Inclúe acceso á estrea de 'El tiempo libre'.

Chisme. é o proxecto musical de Fernando Epelde, coñecido por formar parte da compañía galega de teatro Voadora, pero tamén por militar en bandas como Modulok3, entre outras. En Raso Estudio publicou Médium (2019), un álbum con clara vocación electrónica experimental e conceptual, pero pegada ao pop, e Todo es ficción (2020), cunha sonoridade que mantén as conexións coas texturas electrónicas pero ademais se achega a estilos como a new rave ou pop groove.

MARCO MARIL

Sábado, 4 | 20 h. | Invernadoiro de Mucha e Juan do Peso

Prezo: 3€. CONCERTO E RETROSPECTIVA DE VIDEOCLIPS.

Marco Maril é un músico e artista sonoro que leva máis de 20 anos participando en distintos proxectos (Apenino, Dar Ful Ful…). Os seus traballos presentáronse en festivais como o FIB, o Primavera Sound e o Sinsal, e en teatros da importancia internacional do Shanghai Oriental Art Centre. Este ano comezou unha nova etapa ao publicar o primeiro disco co seu propio nome, titulado 15.11.18. Esa foi a data na que lle chegou a casa o piano co que empezou a compoñer as súas novas cancións, nas que o acompañan Iria Vázquez (voces) e Macarena Montesinos (cello).

Ses

34

Sábado 4 | 23.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Prezo: 7€. Venta anticipada.

SÉS presenta en Cans en formato trío o seu álbum 'Liberar as arterias'.

A chegada de SES ao panorama musical supuxo unha auténtica revolución referendada polos números: 7 discos en 9 anos, milleiros de copias despachadas e dous discos entre os máis vendidos do estado —Opoñerse á extinción, no número 85, dúas semanas no top 100, e Liberar as arterias, no número 34, catro semanas no top 100—; por non falar do numerosísimo público que vai aos seus concertos, como algúns dos que ofreceu en Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao e outras cidades de España, onde esgoutou o papel.

En 2020 cruzou o charco nunha xira que a levou a Arxentina, Uruguai, Paraguai e O Salvador. Cunha carreira que non parou de medrar desde que, en 2011, publicou o seu primeiro traballo, SÉS triunfou en Galicia e máis aló grazas á súa proposta ecléctica que vai do rock ao blues, pasando pola canción de autor latinoamericana, con espazo tamén para a alma de cantareira que hai no seu interior.

OH AYATOLLAH!

Sábado, 4 | 18.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río .
De balde baixo rexistro obrigatorio.

Oh! Ayatollah (Simón Cuba, batería e coros; Nuno Pico, voz e sintetizador; Anaís Fernández, guitarra e coros; Xoel Xeada, guitarra e coros; e Andrés Real, baixo e coros) fuxen de clasificacións parcelarias e reclaman como propia a ampla etiqueta "pop". A principal intención da súa proposta radica en conseguir mobilizar a quen sexa que estea escoitando con cancións que queren ser vividas, bailadas, choradas e cantadas a todo pulmón. Queda claro nos seus traballos editados ata o de agora: Cancións por se non Te Quere Xa (EP dixital autoproducido, 2016), Volve a Canción Protesta (LP, Tremendo, 2018) e nos sinxelos Nunca Máis / Mi Re La (2017), todos.unidos.sempre e Hoxe (2019) e Sempre quero e Nós contra o mundo (2020).

LONGAMETRAXES **Filme de apertura**

Donde acaba la memoria

Xoves 2. 20.00 h.
Centro Cultural Municipal do Porriño.
Entrada de balde con preinscrición.
COA PRESENZA DE IAN GIBSON.

2021 | 65 minutos.
España. Español e inglés -subtítulos castelán-.
Ópera Prima | Estrea mundial

Dirección: Pablo Romero-Fresco..
Produtores: Pablo Romero-Fresco e Xavi Font. **Montaxe:** Xacio Baño.
Fotografía: Martina Trepczyk.
Son: David Machado.
Música: Xavi Font, Elba Fernández.

Vai de: En 1933, Luis Buñuel viaxou ás Hurdes, unha rexión illada e empobrecida do centro de España, para filmar o histórico documental 'Tierra sin pan'. Oitenta e cinco anos despois, o hispanista e biógrafo Ian Gibson fixo a mesmo viaxe para completar o traballo dunha vida. 'Donde acaba la memoria' percorre Las Hurdes e a Residencia de Estudiantes coa colaboración de Mike Dibb, Carlos Saura e Román Gubern para construír o retrato de Gibson, detective literario que dedicou a súa carreira a recuperar a memoria recente de España a través das biografías de tres dos seus xenios máis recoñecidos: Buñuel, Dalí e Lorca.

A viaxe remata en Granada, onde, logo dunha busca que durou medio século, Gibson está máis preto que nunca de atopar os restos de Lorca como símbolo de reconciliación dun país que se nega a facer as paces co seu pasado.**O detalle:** Mais de sete anos de traballo leva adicados o director Pablo Romero-Fresco a este documental que percorre o traxecto vital e o legado do gran hispanista Ian Gibson.

Tarde con Coira LONGAMETRAXES

Con motivo da homenaxe que Jorge Coira recibe no Festival de Cans, o certame organiza esta 'Tarde con Coira', na que o cineasta presenta o documental que codirixiu xunto co seu irmán Pepe Coira e con Gaspar Broullón.

Beiras, vivir dúas veces

Xoves 2. 17 h. Centro Cultural Municipal do Porriño.
Entrada de balde con preinscripción.
Coa presenza de Xosé Manuel Beiras.

2021 | 65' | Española | Galego | Estrea Mundial.
Dirección: Pepe Coira, Gaspar Broullón, Jorge Coira.**Produción:** Gaspar Broullón, Fernando Rodríguez, Clara Coira. **Guión:** Pepe Coira, Fernando Rodríguez, a partir dunha idea orixinal de Fernando Rodríguez. **Fotografía:** Jaime Pérez **Montaxe:** Susana Sotelo, Gaspar Broullón, Chema Montero, Clara Coira, Daniel Coira. **Son:** Javi Pato, Daniel Fernández. **Interveñen:** Xosé Manuel Beiras, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Manuel Caamaño Suárez, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ánxel Huete, Flor Maceiras, Luísa Martínez Pazos, Xosé Luís Méndez Ferrín, Martiño Noriega, Gerardo Pisarello, Rosa Regueiro Ferreira, Silverio Rivas, Mercedes Rozas, Manoel Santos, Luís Soto, Isabel Torres Antelo. **Xénero:** Documental.

Vai de: Non é un filme sobre Beiras, senón un filme con Beiras. Con el repasamos a súa traxectoria seguindo dúas pistas: dunha banda, os lugares que mellor o identifican, e doutra, as imaxes máis emblemáticas dun percorrido vital de oito décadas. O repaso da experiencia trénzase cunha das actividades predilectas do protagonista: a conversa sobre as cuestións que de verdade lle atinxen a Beiras, desde a arte ao territorio, desde a política á casa.

Logo da proxección haberá un coloquio coa presenza dos directores do documental e de Xosé Mauel Beiras.

LONGAMETRAXES Outras estreas

9 Fugas

Venres 3. 18 h. Baixo de Bugarín
Entrada de balde con preinscripción.

2020. 85'. España. Galego. Estrea en salas.
Dirección e guión: Fon Cotizo. **Xefe de produción:** Alexandre Cancelo. **Produtora:** Xas Films, Asombra Cinema. **Montaxe:** Óscar Pardo. **Fotografía:** Javier Álvarez. **Son:** David Machado, Eloy Táboas, Marco Maril. **Música:** Xavier Bertólo, David Santos; interpretada pola Orquestra Fugaz de Improvisación **Reparto**::María Roja, Olga Cameselle, Lola Quirós, Paco Barreiro, Ailén Kendelman, Areta Bolado, Marta Pérez, Noelia Castro, Helena Varela, Alfredo Rodríguez **Xénero**: Musical

Vai de: Unha orquestra improvisa. A súa música ten o poder de evocar historias, de revelar pantasmas do pasado. A sinfonía recupera a historia dunha traballadora portuaria que loita contra o silencio nun océano sen memoria. Nove fugas. Nove historias en busca dunha saída. A enfermidade e o esquecemento nunha dimensión individual e social, nunha realidade palindrómica. **O detalle:** O filme foi seleccionado en importantes festivais como o FicXixón ou o Festival Internacional de Shangai, nos que se proxectou en liña. Será a estrea do filme nunha sala e con público.

El tiempo libre

Sábado, 4. 16.390 h.
Jalpón de Mucha e Juan do PesoE
Prezo: 3€. Inclúe o concerto de Chisme.

2021 | 71' . España .Galego. Estrea mundial

Dirección, guión e música: Fernando Epelde. **Fotografía**: Pablo Zapata. **Reparto**: Daniel Méndez, Miquel Insua, Lorena Iglesias, Fernando Epelde, Teresa Arroyo, Antonio Menéndez, Aída Gómez, Gastón Horischnik, Pablo Zapata.

Vai de: Un novelista de mediana idade decide deixar de escribir para sempre xusto durante os días máis calorosos -sempre calorosos- do verán de Madrid. Conminado pola súa muller, o home decide adicarse a unha serie de traballos inventados, como o de vendedor de pedras e outros que o conducirán ás casas de personaxes peculiares. **O detalle:** Fernando Epelde, creador libre e inclasificable, regresa a Cans para presentar a súa segunda longametraxe "El tiempo libre", do mesmo xeito que fixera en 2019, co seu primeiro filme.

Estrella Galicia

KLEBER MENDONÇA FILHO

- **26, e 27 ás 20h. 28 de agosto ás 12 h.. Retrospectiva: Longametraxes.**
  Centro Cultural do Porriño. De balde baixo preinscripción.
- **3 de setembro. Retrospectiva: Curtas.**
  Baixo de Bugarín. 20.30 h. De balde baixo preinscripción.
- **COLOQUIO. Sábado 4. 12 h. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.**

Despois de traballar como crítico de cine e programador e dun prolífico percorrido como reputado curtametraxista, Kleber Mendonça Filho comezou a desenvolver unha exitosa carreira como director de longametraxes con unánime boa acollida entre a crítica internacional.

O seu filme debut, 'O son do Arredor / Os ruídos de Recife' (2012), foi aclamado como unha das películas do ano por The New York Times. A súa seguinte película, a marabillosa 'Aquarius / Dona Clara' (2015), protagonizada por unha inmensa Sonia Braga, resultou seleccionada na competición oficial de Cannes, onde si tivo recompensa a terceira cinta de Mendonça, 'Bacurau' (2019), Premio do Xurado ese ano.

Mendonça retrata as alegrías e as penas da clase media brasileira, con diferentes contextos políticos de fondo,desde o Brasil culturalmente emerxente de Lula, ata o país actual de Jair Bolsonaro que planea sobre Bacurau. Sempre cargado de crítica social, sen renunciar a unha fina liña de humor, cunha música moi ben artellada na trama e coa súa cidade, Recife, como omnipresente personaxe silencioso, o cinema de Mendonça Filho érguese como imprescindible no contexto actual.

O SON AO REDOR

2012 | Brasil | 131 min. | portugués (subt. Esp.)

XOVES, 26 DE AGOSTO. Centro Cultural Municipal. 20,00 horas.

.

Dirección: Kleber Mendonça Filho.. **Reparto:** Irma Brown, Sebastião Formiga, Gustavo Jahn, Maeve Jinkings, Irandhir Santos, W.J. Solha, Lula Terra.

Vai de: Os veciños dun barrio de Recife deciden contratar unha empresa de vixilancia que protexa a súa zona para sentirse seguros. A partir desta situación, e a través dos sons e ruídos no interior das casas e na rúa, as relacións entre os individuos poden mudar e cadaquén intenta sobrevivir ó seu xeito na vida cotiá. **O detalle:** Seleccionado por The New York Times, como un dos dez mellores filmes do ano. Elexida para representar a Brasil nos Óscar.

AQUARIUS (Dona Clara)

2016 (Brasil/Francia) | 140 min. | portugués (subt. Esp.)

VENRES, 27 DE AGOSTO. Centro Cultural Municipal. 20,00 horas.

Dirección e guión: Kleber Mendonça Filho. **Reparto:** Sonia Braga, Bárbara Colen, Thaia Pérez, Zoraide Coleto.

Vai de: CDona Clara resiste en Recife como única habitante dun edificio que se resiste a vender, ante o proceso de especulación no que está sumido o seu barrio. Unha oda á resistencia contra á especulación e a xentrificación dominante. **O detalle:** Filmseleccionado na competición oficial do Festival de Cannes 2016, nominado ós Primos César e ós Independent Spirit Award.

BACURAU

2019 | Brasil, Francia | 132 min. | portugués (subt. Esp

SÁBADO, 28 DE AGOSTO. Centro Cultural Municipal. 12,00 horas.

Dirección e guión: Kleber Mendonça Filho e Juliano Dornelles.. **Reparto:** Sonia Braga, Udo Kier, Thomas Quino, Silvero Pereira, Thardelly Lima, Luciana Souza, Karine Teles, Wilson Rabeo, Carlos Francisco..

Vai de:"Bacurau" é unha aldea afastada na rexión do Sertão que un día, para sorpresa dos seus habitantes, desaparece do mapa, despois da morte de Dona Carmelita, unha muller mol querida. Un filme con alma de western, definido como `unha distopia contra o goberno de Bolsonaro´, polos propios directores. **O detalle:** Premio do Xurado no Festival de Cannes 2019.

CURTAMETRAXES

VINIL VERDE. 2004. 16´. Portugués (subt. esp.). Ficción. Unha nai agasalla ó seu fillo cun agasallo moi especial: unha caixiña chea de pequenos discos de cores para os cativos. Mais cunha condición, hai un que baixo ningún concepto pode escoitar: o vinilo verde.

ELECTRODOMÉSTICA 2005. 22´. Portugués (subt. Esp.). Ficción. A vida entre electrodomésticos non é doada, sobre todo cando unha ama de casa debe atender á súa familia á vez que todo o seu universo doméstico. Todo pode ser unha festa, todo pode ser unha locura ou ter ata momentos placenteiros, según a actitude con que se afronte. Unha mirada agredoce sobre a clase media brasileira

RECIFE FRÍO. 2009 / 24´ / portugués (subt. Esp.). Documental.Sinopse: Na cidade tropical de Recife, a temperatura cae ata niveis nunca antes experimentados, trastocando a vida dos seus habitantes. Un falso documental con mirada crítica que explora o cambio climático, a especulación e o desenvolvimento urbano e as interaccións sociais en varios ámbitos.

A COPA DO MUNDO DE RECIFE . 2014. 15´. Portugués (subt. Esp.). Documentall. Sinopse: Un Mundial de fútbol é un acontecimento planetario que cambia a vida dunha cidade. Durante a Copa do Mundo do Brasil, a cidade de Recife converteuse no escenario da gran festa futboleira, mais tamén de tensións políticas e deportivas. Unha experiencia chea de contradiccións que reflexa o máis fondo da identidade dun país apasionante como o Brasil.

ENCONTROS

Coloquios AISGE

Os lingüistas e a interpretación, esa estrana parella

Con **Federico Pérez, Camila Bossa, Isabel Blanco e Rosa Moledo.**

Mércores 1. 12.30 h. Baixo de Carlos. De balde con preinscrición.

25 anos sen María Casares

Coa presenza **da actriz Sabela Hermida** e do historiador de cinema e catedrático universitario **José Luis Castro de Paz.**

Xoves 2. 11.30 h.. Baixo de Carlos
De balde con preinscrición.

Diálogo interxeneracional: Celso Bugallo e Tamar Novas

Xoves 2. 11.30 h.. Baixo de Carlos
De balde con preinscrición.

Co gallo do lanzamento das memorias de Celso Bugallo.

Labitis, a febre Lab

Con **Guillermo García López, Jaione Camborda, Álvaro Gago e Inbar Horesh.**

Venres 3. 10 h. Baixo de Carlos. De balde con preinscrición.

O Festival de Cans acolle un novo encontro en colaboración con CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización. Nesta edición acompáñanos Guillermo García López, Jaione Camborda e Álvaro Gago, quen falarán sobre a febre dos 'laboratorios' de filmes.

Guillermo García López (Goya ao mellor documental por 'Frágil equilibrio') anda a preparar 'Ciudad sin sueño', o seu primeiro filme de ficción, escollido para participar en laboratorios como os da Academia do Cine Español, o taller de proxectos da Berlinale ou a Cinema Foundation de Cannes.

Logo de debutar o pasado ano con 'Arima', **Jaione Camborda**, prepara o seu segundo filme, 'O corno do centeo', cuxo proxecto pasou por varios obradoiros de festivais e polo laboratorio de Tabakalera, vencellado ao Festival de San Sebastián.

Premiado en tres edicións do Festival de Cans, **Álvaro Gago**, traballa na súa estrea na longametraxe, Matria, que participou nos laboratorios de proxectos do Festival de Toronto e da Berlinale.

Tras estrear as curtas 'The Visit'— que se puido ver na 67a edición do Festival Cannes e recibiu numerosos galardóns internacionais— e 'Birth Right', tamén multipremiada, a israelí **Inbar Horesh** desenvolve actualmente a súa primeira longometraxe, Birth Right, proxecto que conta co apoio de importantes fondos cinematográficos do país hebreo, gañou o premio Moulin d'Andé no Festival de Montpellier e foi seleccionada na Residencia do Festival de Cannes, onde se fixo co premio CNC.

ENCONTROS

Mesa ProXecta

Pequenos grandes festivais, resistencia e supervivencia

Xoves 2 | 13 h. | Baixo de Carlos. Entrada de balde baixo inscrición.

Con **Ana Estévez, Javier Muñiz, Sergio Valbuena e Analía Alonso.**

Cans quere poñer nesta ocasión o foco no esforzo dos festivais que loitan por sobrevivir no que podemos chamar a hiperperiferia. Non se trata de festivais en lugares remotos, senón de certames que buscan o seu oco convivindo en cidades con outras grandes citas do cinema ou cunha enorme oferta cultural. Todos teñen por diante retos comúns, dos que falaremos: como labrar unha identidade propia para afrontar o futuro, como facelos visibles; en definitiva, como atopar as claves para lograr resistir.

Coa presenza de Javier Muñiz, presidente da Coordinadora de Festivais La Mesta e impulsor do Festival Internacional La Boca del Lobo e do Certame Internacional de Cortos de Soria; de Sergio Valbuena, director de CortoGijón e do FIVO (Festival Internacional de videoclips de Oviedo); e de Ana Estévez, directora da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE). Moderado por Analía G. Alonso, xerente de Proxecta, Coordinadora Galega de Festivais de Cinema.

ENCONTROS

Ian Gibson

Encontro co público aberto no Torreiro de Cans

Venres 3. 12.30 h.

De balde con preinscrición.

© Jaime Martínez

O hispanista Ian Gibson visita este ano o Festival de Cans como protagonista do filme de apertura, 'Donde acaba la memoria', documental de Pablo Romero-Fresco que se vale da película Tierra sin pan, de Buñuel, para construír un retrato dun Gibson detective literario que dedicou a súa carreira a recuperar a memoria recente de España a través das biografías dos seus xenios máis recoñecidos; en especial de Buñuel, Dalí e Lorca.

ENCONTROS

Dalle Caña

Nos encontros Dálle caña! xuntamos aos realizadores e realizadoras das categorías a competición para compartir unha cervexa Estrella Galicia e falar co público sobre as súas creacións nun ambiente ameno e distendido.

Mércores 1 | 16.30 h. | Torreiro de Cans
Encontro coas realizadoras e os realizadores da sección Novas Camadas

Xoves 2 | 19 h. | Círculo Recreativo Cultural- CRC
Encontro coas realizadoras e os realizadores dos videoclips a concurso

Sabado 4. 17 h. | Torreiro de Cans
Encontro coas realizadoras e os realizadores de Ficción e Animación

Sábado 4 | 20 h. | Torreiro de Cans
Encontro coas realizadoras e os realizadores da sección FuraCáns

Lendo Cine

Xoves 3. 18.30 h.
Praza Arquitecto Antonio Palacios.O Porriño.



LendoCine é un espazo no que se dan a coñecer libros de actualidade que teñen o cinema como protagonista ou como escenario, ofrecendo así unha panorámica do que se está a editar dentro e fóra de Galicia. Este ano falaremos con **Jaime Pena, Darío Villanueva, Beatriz Busto, Pedro Sancho e juáncho**.

LIBROS

El cine después de Auschwitz, de Jaime Pena (Cátedra, 2020).
Jaime Pena é crítico de cine e teatro, escritor e programador do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).

Un país a la gallega. Galiza no NO-DO franquista, de Beatriz Busto Miramontes (Através Editora, 2021).
Beatriz Busto é mestra en Educación Musical e licenciada en Historia e Ciencias da Música e en Antropoloxía Social e Cultural.

El Quijote antes del cinema: Filmoliteratura, de Darío Villanueva (Editorial Visor, 2020).
Ex-director da Real Academia Española e profesor emérito na Universidade de Santiago de Compostela, Darío Villanueva, é tamén crítico literario e escritor. Oocupa desde 2008 o sillón D da RAE.

Mamasunción. Como se fixo, de Pedro Sancho (Edicións Fervenza, 2021).
Pedro Sancho (Vigo, 1982) é licenciado en Arquitectura pola Universidade da Coruña. Na actualidade exerce a docencia na Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo, de Santiago de Compostela.

Na procura do medo esquecido. Catálogo de criaturas mitolóxicas e fantásticas de Galicia, de juáncho (Editorial Galaxia, 2021). j
uáncho (O Porriño, 1977) fundou o fanzine Comikaze, unha publicación de banda deseñada que deu visibilidade a novos talentos. Desde 2008, o seu estudio de comunicación, publicidade e ilustración asina proxectos para, entre outros, o Festival de Cans.

A qué andas?

Venres 3. 13.30 h.
Baixo de Carlos.

A pregunta que máis se fai dentro do audiovisual é "A que andas?" Nesta sección traemos, en colaboración coa Asociación Sindical Galega de Guionistas, os guións de filmes que se rodarán proximamente. Un encontro no que redimensionamos o valor da palabra, da escrita e dos escritores de cine.

Con **Jaione Camborda**, **Alejandro Marzoa**, **Guillermo García**, **Andrés Goteira** e **Lucía Estévez**

O CORNO DO CENTEO

Dirección e guión: Jaione Camborda. Produtora: Miramemira e Esnatu Zinema.

Vai de: Illa de Arousa, agosto de 1971. Na aparente normalidade da illa intúense os segredos dos seus habitantes. María, unha muller corpulenta duns 40 anos, asiste os partos doutras mulleres acompañando co seu suor e mesmo o seu cuerpo cada contracción, cada esforzo e cada alumamento. En ocasións, no silencio da noite, realiza abortos clandestinos. Unha mañá, acúsana da morte dunha moza e María ten que fuxir da illa. Comeza así para ela unha escapada por terra coa idea de cruzar a fronteira por unha das rutas de contrabando que unen Galicia con Portugal.

UN HOMBRE SOLO

lDirección: ejandro Marzoa. iGuión: Miguel Ángel Blanca Pachón.
Producida por: Boogaloo Films & Corte y Confección de Películas .

Vai de: Despois de "Somos Gente honrada", que estreou en Cans, Alejandro Marzoa, coa complicidade na escrita de Miguel Ángel Blanca, volve á liña da comedia social. Desta volta co filme de título provisional "Un hombre solo", que inicialmente terá a Enric Auquer no pape de protagonista.

CIUDAD SIN SUEÑO

Dirección: Guillermo García.

Vai de: Ramón, un neno xitano de 12 anos, vive en La Cañada Real, un dos asentamentos ilegais máis grandes de Europa. A súa familia ten un forte sentido de pertenza á comunidade e o rapaz ve a súa contorna coma se fose un misterioso escenario de ciencia ficción do futuro, que filma co seu móbil. Cando lle notifican á familia que a súa casa vai ser derrubada, Ramón ve a posibilidade de deixar atrás o poboado e de vivir unha vida diferente á dos seus pais, que pelexarán para evitar o desaloxo.

MONSTRO

Dirección e guión: Andrés Goteira Produtora: Gaitafilmes.
Vai de: Un home chega a un casa illada no medio dunha contorna salvaxe. Aséntase nela. Un mostro aparece e axéxao. O home dispáralle e déixao ferido. Pero sente tanta pena por el, que decide curalo e darlle de comer.

AS DEFENSAS

Dirección e guión: Lucía Estévez Produtora: Cósmica Producións.
Vai de: Anos 80s. A Movida ocupa con forza a Vigo mentres nun polígono dos arrabaldes, Martín (17) vese na obriga de deixar os estudos e comezar a traballar nun taller. A realidade que o mozo coñece muda coa aparición dun grupo de bailaríns que ensaia na nave veciña. Un deles, Xoán, esperta en Martín unha curiosidade que vai máis alá das palabras a partir dunha relación na que o tacto, a pel, o corpo e o seu movemento son protagonistas. Martín comeza a sentir as turbulencias dese amor nun contexto social, político e cultural de cambio. Co fin do verán, Xoán e o grupo de bailaríns marchan. Marcha o amor, pero queda a danza.

Seccións Paralelas

FILLAS E FILLOS DE CANS

Venres 3 . 16 h . Baixo de Carlos.

MALENCOLÍA

Dirección e guión: Alfonso Zarauza. **Xénero:** Thriller rural.

Vai de: Logo de once anos en Berlín, Sira e Pepe deciden iniciar unha nova vida nunha aldea abandonada do Irixo coa idea de superar unha traxedia. O que non saben é que nesa aldea convivirán con Isolina. **Estado:** En postprodución.

OS DEMOS DO MEU AVÓ

Dirección e guión: Nuno Beato. **Xénero:** Animación.

O portugués Nuno Beato prepara, a través da súa produtora Sardinha en Lata, e xunto co galego Xosé Zapata, unha das primeiras longametraxes de animación feitas en Portugal. Desde que en 2009 pasara por Cans coa súa curta "A miña vida nas tuas mans", Beato seguiu medrando no mundo da animación, sempre nunha liña de experimentar con novas técnicas.

A VIRXE ROXA

Dirección: Marcos Nine.

Vai de: En 1933 Aurora Rodríguez asasionou de varios disparos á súa filla de 18 anos Hildegar Rodríguez. Non é un asasinato calquera, é o asasinato dunha moza prodixio, criada nun nivel de esixencia para ser unha intelectual de primeiro nivel. Un asasinato que conmociono á sociedade da época e que provocou profundas reflexións. **Estado**: rematada para ser distribu

JACINTO

Dirección: Jaime Camino. **Produción**: Xabier Eirís Guión: **Xénero**: Thriller rural

Vai de: Jacinto é un adulto coa mentalidade dun neno. Vive cos seus pais e o seu porco Martiño en Mallou, unha sombría aldea abandonada entre as montañas. A morte da mascota e a chegada de dúas mulleres estranxeiras porá o seu mundo patas arriba. Jacinto sospeita que as novas veciñas son vampiras que planean rematar coa súa familia e facerse co control da aldea. Para impedirllo, recorrerá a todo o que aprendeu vendo pelis de terror.

WELCOME TO MA MAISON

Dirección: Andrés Goteira.



Vai de: Sinopse longa: A longametraxe inicia cunha viaxe a Los Ángeles para coñecer ao director de cinema Nicolas Winding Refn e, ao non atopar o seu rumbo, camiña cara ao interior do seu protagonista percorrendo a difusa liña entre o actor, a persoa e o personaxe. Un documental experimental construído con imaxes reais, sentimentos sinceros e problemas verdadeiros. Un falso documental, rodado a modo de making of, onde todo o que se nos mostra é 100% real.

Seccións Paralelas

CORRESPONDENCIAS

Sábado 4 . 13.30 h . Baixo de Carlos.

Trátase dunha nova sección con vocación internacional e co obxectivo posto na ponte entre cineastas españois e latinoamericanos. Como fixo o cine epistolar entre Galicia e América da década de 1950, daremos visibilidade a cartas filmadas de ida e volta entre realizadores de diversos países. Nesta primeira edición proxectaremos os dous primeiros envíos entre o galego Eloy Domínguez Serén e o colombiano Samuel Moreno, ademais de Carta Nº 4, do intercambio entre Domínguez Serén e o arousán Marcos Nine.

Os encargados de botar a andar esta sección serán o cineasta galego **Eloy Domínguez Serén** e o colombiano **Samuel Moreno**, que mantiveron unha interesante correspondencia filmada da que se presentará un amplo avance nesta edición do Festival. Estas cartas fílmicas son pezas narrativas en primeira persoa, construídas dende a soedade e en moitos casos realizadas en épocas de confinamento. Hai un nexo común nas temáticas: os contextos políticos.

En **CARTA Nº 4**, de **Carlos Nine**, Un cineasta, fillo de emigrantes, escribe unha videocarta a un cineasta obrigado a emigrar. O tempo é como un bucle. Descoñecemos se vivimos no pasado ou se é o comezo do futuro por llegar. A mesma política repítese unha e outra vez.

As actividades infantís son de entrada libre, con preisncrición, cun aforo limitado a 25 persoas.

50

O CAMIÑO DO AFIADOR
Mago Teto.
Sáb. 4. 13 h. Cuberto de Antonio (exterior)

Actuación patrocinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística

O Mago Teto chega a Cans cun espectáculo cargado de maxia sorprendente e numerosas referencias cinéfilas. Neste espectáculo, virá acompañado dunha vella roda de afiador da que brincarán trucos mesturados con chispas, con moita música (de clásicos como Psicose e de series de televisión) e con xogos de adiviñanza nos que se cadra se agochan Rick Blaine, Frodo Bolsón, Indiana Jones ou Luke Skywalker: a ver se sodes quen de descubrilos.

OS CANS DE CANS
Conto musical.

Federico Pérez + Trío Acivro
Sáb. 4. 19.30 h. Cuberto de Pato (exterior)

Estrea mundial de 'Os cans de Cans', conto musical composto para o noso festival por Nicasio Gradaille, pianista e membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo. Ademais ten unha versión en libro ben chula, que presentaremos na 'Noite dos veciños'. O can amarelo máis famoso do mundo é o protagonista desta historia que, botando man de referencias cinéfilas, narrará o actor Federico Pérez, a quen acompañará a música interpretada por un dos favoritos do público cativo de Cans, o Trío Acivro (Luis Soto, flautista da Real Filharmonía de Galicia, e os seus fillos Lucas, violín, e Cecilia, violoncello).

•MINICANS

CURTAMETRAXES FINALISTAS DO CONCURSO SENDA DOS FAROS

Mér. 1. 11 h. Baixo de Carlos.

Conxuntamente coa **Fundación Galicia Sustentable**, a **Secretaría Xeral de Política Lingüística** e a compañía enerxética **EDP**, o Festival de Cans puxo en marcha un concurso de curtametraxes que tivesen como tema os faros de Galicia, destinado a estudantes da ESO de toda Galicia.. No baixo de Carlos veremos as curtas finalistas, elixidas por un xurado do que tamén formou parte o Festival de Cans e asistiremos a entrega de premios.

MARÍA CASARES, STORYBOARD CONTADO. CON POLO CORREO DO VENTO.

Polo Correo do Vento. **Sáb.. 4. 17 h. Cuberto de Pato..**

María Casares, de quen este ano se conmemora o 25º aniversario do seu falecemento, é a actriz nacida en Galicia máis grande de todos os tempos. A través de elementos como a narración oral, a música e os debuxos ao vivo, Polo Correo do Vento achegaralle aos máis cativos a intensa vida desta artista que se converteu nunha gran estrela internacional, especialmente querida e recoñecida en Francia.

CREA ACCIÓN

Centro Educativo Inquedanzas. **Sáb.. 4. 10.30 h. Baixo do Buraco..**

A través da imaxinación e a improvisación, e coa axuda de Ramiro Rodríguez dos Santos, as nenas e nenos confeccionarán neste obradoiro un guión que logo farán realidade coa técnica do stop-motion. Será a maneira de compartir e realizar coas mans as fantasías e soños de cada un para crear unha grande historia común.

52

IMAUGURACIÓN DA RÚA EFÉMERA PILAR PEREIRA

Mércores 1. 10.30 h. Casa de Eusebio. Fronte á Igrexa.

Descuberta da placa da Rúa Pilar Pereira, que permanecerá aberta durante o Festival e recuperarase en cada edición. Este ano volveremos abrir tamén a de Chano Piñeiro na casa de Souto.

O Festival quere lembrar a Pilar Pereira, referente no teatro e o audiovisual, falecida en febreiro de 2020. ompostelana, ten unha das carreiras máis amplas da nosa escena, aínda que, durante seis décadas, a actriz e dramaturga exerceu con total liberdade a creación artística en Galicia, España, Francia, Bélxica e América latina

• EMOCIÓNSENCANS

NOITE DAS HOMENAXES

Venres. 21 h.
Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.

Presentada por **Keka Losada** e **Federico Pérez**. Estrearemos o documental de Isaura Docampo 'Cans con Máscara', sobre a edición do festival de 2020.

Viviremos as entregas dos Chimpíns de Prata Premio Pepe Puime a **Marisol González** e a **Tamar Novas**, do concurso de videoclips e do premio de honra Pedigree 2021 a **Jorge Coira**.

ESTRELAS NO TORREIRO

Ian Gibson,
Xoves, 2 ás 13,30 horas

Jorge Coira
Venres 3. 21.30 h.

Kleber Mendonça Filho
Sábado 4. 13.30 h.

• EMOCIÓNSENCANS

54

DESFILES DE CHIMPÍNS

Xoves 2 . 20 h.
Saída da Praza Arquitecto Antonio Palacios ata o Centro Cultural Municipal.

Venres 3 | 21 h.
Saída desde o Torreiro de Cans ata o cemiterio.

Sábado 4. 16 h.
Saída desde o Barrio do Castillo ata o espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Un clásico do Festival de Cans son os desfiles de chimpíns. Os veciños da aldea engalanan os vehículos oficiais do certame para pasear os participantes ao ritmo da música de O**s Zoqueiros** o xoves, e venres e sábado o **Grupo de Gaitas San Xurxo de Mosende**.

HOMENAXE AO CAN DE CANS

Mércores 1 . 20.30 h.
Rotonda de Adroza.

O Can de Pedra, situado na rotonda de entrada á aldea, é un dos grandes símbolos do festival. Aí arranca cada edición do festival coa descuberta do seu traxe.

HOMENAXE A SILVINO GONZÁLEZ

Mércores 1 . 21.30 h.
Muro de Alicia. Torreiro.

Cans honrará a memoria do noso querido colocador de estrelas no Torreiro, Silvino González (1941-2021), ó que este ano botamos moito en falta no festival.

COLOCACIÓN DA PLACA DE MARISOL

Mércores 1. 21 h.
Muro dos chimpíns. Baixada ao río.

Desde 2015, o Muro dos Chimpíns é o espazo de homenaxe a todos os veciños e veciñas que recibiron o **Chimpín de Prata "Premio Pepe Puime"**, o galardón que o festival concede a aqueles que destacan polo seu fantástico traballo para facer grande o Festival de Cans. Alí están nomes como o do histórico e tan querido condutor de chimpíns, Pepe Puime, xa falecido. Este ano súmase á listaxe, merecidisimamente, **Marisol González**..

• CANS PARTICIPA

PROXECTO CANS 303

Mércores 1. 21.30 h. Torreiro de Cans.

Cada ano, o Festival pon en marcha o Proxecto Cans 303: a realización dun documental colectivo, coa participación das veciñas e veciños de Cans e coordinado polo cineasta e videoartista Juanma Lodo, que rescate a memoria e provoque a reflexión sobre aspectos poucos coñecidos da historia da nosa aldea. "Mulleres no estraperlo" será o documental que se estreará este ano, onde se indagou nesta actividade da que tantas familias viviron en Cans nos anos da posguerra.

ROTEIRO LITERARIO CON CARLOS MEIXIDE

Venres 3. 10.30 h. .
Saída do Torreiro de Cans

O escritor Carlos Meixide acompáñanos aos recunchos menos coñecidos da parroquia, onde transcorre Cans, a súa popular novela de aventuras para público adolescente; un libro ilustrado pola pintora María Meijide que centra a trama nun grupo de rapaces que acoden a Cans a rodar unha curta durante o festival.

CANSONORO MULLERES NO ESTRAPERLO

Roteiro musical con Xurxo Souto.

Sábado 4 | 10 h. | Saída da Rotonda do Can

Como xa é tradición no Festival de Cans, Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Montealto, acompañado polos acordeonistas de AcordeCans, guiará un paseo no que repasará a historia e tradición musical da aldea de Cans. Esta ruta é accesible para cadeiras de rodas e carros de bebé.

• CANS PARTICIPA

CINE E GASTRONOMIA CON KIKE PIÑEIRO

O cociñeiro Kike Piñeiro estará a cargo da cociña para os convidados ao Festival de Cans. Piñeiro é o chef do restaurante compostelán A Horta d'Obradoiro, un espazo caracterizado por unha sutil renovación da cociña e o emprego de produtos tradicionais; coma sempre, produtos Galicia Calidade.

BOOKTUBERS E BOOKTRAILERS

Final do Concurso "Ollo de vidro".
Mércores 1. 16.30 h. Baixo de Carlos.



Dentro do marco da iniciativa 'Recoméndoche un libro', O Festival de Cans impulsa o concurso 'Ollo de vidro', un proxecto que busca estimular a lectura en galego e a creación audiovisual entre a mocidade. Na gran final deste certame proxectaranse os traballos finalistas: críticas literarias, booktrailers, recomendacións ou outro tipo de pezas audiovisuais máis creativas pensadas para animar a ler. Neste encontro contaremos coa presenza dos concursantes, do xurado avaliador e de representantes das institucións que apoian o proxecto: a Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo, o IES Castelao, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, a Asociación de Veciños do Calvario, a Biblioteca Pública do Porriño e o IES Pino Manso.

• EXPOSICIÓNS

MARÍA MEIJIDE,
O sur de Galicia parece de Hopper. (Cadernos de Cans).

Inauguración, o 31 de agosto, ás 20 h..
Aberta ata o 31 de setembro.
Círculo Recreativo Cultural | Entrada gratuíta

Desde hai varios anos, a pintora María Meijide acode a Cans, onde ten pintado moitos dos lugares da aldea e moitos dos personales e convidadas e convidados que pasan polo festival. Todo ese traballo, é o que agora poderemos ver nesta exposición promovida polo Festival de Cans.

CONCURSO PINTAR O CINE CON GALPI

Xoves, 2 de setembro. 15 h..
Praza Arquitecto Antonio Palacios e rúa peonil.

O festival acollerá por segunda vez, coa colaboración de Galicia de Pinturas (Galpi), este concurso de pintura rápida no que os participantes deberán crear —na Praza do Concello e diante do público— unha obra de inspiración cinematográfica que inclúa a silueta do can do Festival de Cans.

CANS VOULEVAR O BICHERO

Dende o venres ás 16.30 h.
Desde a Casa da maestra en dirección ao bar Fortes

Cada ano, Luis Davila, o Bichero, honra o Festival de Cans cunha viñeta no xornal Faro de Vigo. Todo seu traballo de humor gráfico foise recompilando para reunilo nesta exposición que xa se converteu nun clásico do noso festival. Temas como o cine, o mundo rural e sabiduría popular son as claves do enorme éxito do Bichero.

PROXECTO SENTA

Sábado 4. Todo o día.
Diferentes espazos de Cans.

Nas últimas edicións do Festival, o arquitecto Juan Creus, profesor tamén da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña, coordinou coas súas alumnas e alumnos un proxecto para recuperar os espazos da aldea onde a xente tiña o costume de sentar a descansar. En paralelo co proxecto realizado sobre o Festival de Cans polos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco que ata novembro se exhibe na Bienal de Venecia, nesta edición rescatamos o Proxecto Senta

festival®
de cans